

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

CULLEREDO

Economía, Facenda e Réxime Interior

Convocatoria para a concesión de subvencións municipais destinadas a asociación e entidades sen ánimo de lucro do termo municipal de Culleredo e bases reguladoras da mesma

Extracto da Resolución do 10 de abril de 2019, do Alcalde do Concello de Culleredo pola que se aproba a convocatoria pública de subvencións municipais, destinadas a asociacións e entidades sen ánimo de lucro do termo municipal de Culleredo.

BDNS (Identif.): 449693

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo pode consultarse na “Base de Datos Nacional de Subvenciones” (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>):

Primeiro: Beneficiarios.

Asociacións e entidades sen ánimo de lucro que cumpran os requisitos establecidos na base 3 e 7 da convocatoria.

Segundo: Obxecto.

Axudas para fomentar e promocionar o desenvolvemento de servizos, programas, proxectos e actividades, levados a cabo entre o 1 de xaneiro de 2018 e o 30 de xuño de 2019, relacionados coas áreas municipais de Benestar Social e Igualdade, Educación, Cultura, Deportes e Participación Cidadá, e Desenvolvemento Económico, Turismo e Festas.

Terceiro. Bases reguladoras.

Bases reguladoras da convocatoria pública de subvencións municipais, destinadas a asociación e entidades sen ánimo de lucro do termo municipal de Culleredo, publicadas na páxina web do concello (www.culleredo.es) e BDNS.

Cuarto: Contía.

Contía total: 173.500 euros.

A contía da subvención por beneficiario será como máximo o 80% do custo total do servizo, programa, proxectos ou actividade obxecto da subvención e, en todo caso, o importe fixado para cada liña de actuación establecido na base 3 das bases reguladoras.

Quinto: Lugar e prazo de presentación de solicitudes

Lugar de presentación de solicitudes: Rexistro Municipal do Concello ou en calquera dos rexistros públicos previstos na Lei do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Ademais tamén poderán presentarse de xeito telemático na sede electrónica do Concello de Culleredo.

Prazo de presentación de solicitudes: un mes a partir da publicación da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia.

BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA PÚBLICA DE SUBVENCIÓNS MUNICIPAIS, DESTINADAS A ASOCIACIÓNS E ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO DO TERMO MUNICIPAL DE CULLEREDO

Base 1.- Obxecto

As presentes bases da convocatoria teñen por obxecto establecer as bases reguladoras e a convocatoria da concesión de subvencións por parte do Concello de Culleredo á asociacións e entidades sen ánimo de lucro do termo municipal, coa finalidade de fomentar e promocionar o desenvolvemento de servizos, programas, proxectos e actividades, levados a cabo entre o 1 de xaneiro de 2018 e o 30 de xuño de 2019, relacionados coas seguintes áreas municipais de:

- 1) Benestar Social e Igualdade.
- 2) Educación, Cultura, Deportes e Participación Cidadá.
- 3) Desenvolvemento Económico, Turismo e Festas.

Conforme co disposto no artigo 45.1.b) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, notificaránselles ás entidades interesadas as resolucións e actos administrativos que afecten aos seus dereitos e intereses.

A resolución da solicitude de subvención, por tratarse dun acto integrante dun procedemento de concorrencia competitiva e, de conformidade co establecido no artigo 45 da Lei 39/2015, notificarase mediante a publicación no Boletín Oficial da Provincia, e producirá os mesmos efectos que a notificación individualizada. Esta publicación tamén se realizará no taboleiro de edictos e na páxina web do Concello, sen prexuízo do cumprimento da normativa vixente en materia de notificacións administrativas.

Base 2.- Réxime Xurídico

O marco normativo polo que se rexerán as subvencións está constituído polas leis e disposicións que se citan a continuación e polas súas normas de desenvolvemento, así como por cantas outras normas, legais ou regulamentarias, que conteñan prescricións relativas ás subvencións ou sexan susceptibles de produciren efectos no devandito ámbito:

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e Regulamento xeral de subvencións, aprobado polo Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.
- Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aprobou o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade da administración local.
- Lei 15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa.
- Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, e Regulamento (UE) 2016/67, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais.
- Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu regulamento.
- Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos.
- Lei 59/2003, do 19 de decembro, de sinatura electrónica.
- Ordenanza xeral de subvencións do Concello de Culleredo

Base 3.- Liñas de actuacións e condicións

3.1 As subvencións concedidas terán por obxecto o financiamento de servizos, programas, proxectos e actividades concretos propostos polo solicitante, encadrados dentro da área definida no apartado primeiro anterior, conforme ao seguinte detalle da liña de actuación:

ÁREA MUNICIPAL: BENESTAR SOCIAL E IGUALDADE

LIÑA DE ACTUACIÓN 1:	PROMOCIÓN DE SERVIZOS, PROGRAMAS, PROXECTOS E ACTIVIDADES NO ÁMBITO DOS SERVIZOS SOCIAIS	
Obxecto	<p>Obxectivo estratéxico: Dar cumprimento á competencia municipal que, de xeito particular, a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, atribúe aos concellos no seu artigo 60º, "c) A colaboración no fomento dos servizos sociais prestados por entidades de iniciativa social, así como a promoción de mecanismos de coordinación das actuacións realizadas por elas, evitando no posible a duplicidade e infrautilización dos equipamentos sociais".</p> <p>Obxectivo xeral: Apoiar a iniciativa social na promoción de actuacións singularizadas que constitúan a totalidade ou parte dun proxecto de carácter básico, innovador e/ou complementario dos servizos sociais comunitarios básicos, específicos, ou dos servizos sociais especializados.</p>	
Condicións	<p>1ª Entidades sen fin de lucro, inscritas no Rexistro de Asociacións Municipais.</p> <p>2ª Que o servizo, programa, proxecto ou actividade proposto sexa complementario aos servizos sociais comunitarios básicos e específicos públicos de titularidade do Concello de Culleredo.</p>	
Finalidade	Enriquecer o sistema público local de servizos sociais e dar cumprimento ao artigo 60º.c da Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, en materia de competencias dos concellos.	
Importe máximo de subvención por axuda concedida a cada beneficiario	1.350 euros	

LIÑA DE ACTUACIÓN 2:	PROMOCIÓN DE SERVICIOS, PROGRAMAS, PROXECTOS E ACTIVIDADES EN MATERIA DE IGUALDADE, CORRESPONSABILIDADE, LOITA CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO E DINAMIZACIÓN E EMPODERAMENTO NO ÁMBITO DA MULLER	
Obxecto	<p>Obxectivo estratéxico: Dar cumprimento ao estipulado na Lei 13/2008, de Servizos sociais de Galicia, que no seu artigo 3º sinala como un dos obxectivos do sistema galego de servizos sociais o de "e) Proporcionar oportunidades e recursos que garantan a igualdade entre mulleres e homes e posibiliten a conciliación entre a vida persoal, familiar e laboral; ademais de apoiar a acción comunitaria do servizo Centro Municipal de información as mulleres de Culleredo (CIM)."</p> <p>Obxectivo xeral: Apoiar á iniciativa social na promoción de actuacións singularizadas no eido do fomento e sensibilización en materia de igualdade, na prestación de servizos de corresponsabilidade, na atención a mulleres en situación de vulnerabilidade e na loita contra as violencias machistas.</p>	
Condições	<p>1ª Entidades sen fin de lucro, inscritas no Rexistro de Asociacións Municipais.</p> <p>2ª Que o servizo, programa, proxecto ou actividade proposto sexa complementario ás accións promovidas desde o Centro Municipal de Información ás Mulleres (CIM), dentro da liña estratéxica municipal de "igualdade de xénero, empoderamento e inserción laboral da muller".</p>	
Finalidade	Contribuír ao fomento da igualdade de oportunidades entre homes e mulleres e apoiar a loita contra a violencia de xénero no Concello de Culleredo.	
Importe máximo de subvención por axuda concedida a cada beneficiario	1.350 euros	
LIÑA DE ACTUACIÓN 3:	PROMOCIÓN DE SERVICIOS, PROGRAMAS, PROXECTOS E ACTIVIDADES DE ÁMBITO SOCIO SANITARIO	
Obxecto	<p>Obxectivo estratéxico: Dar cumprimento ao estipulado na Lei 8/2008, de 10 de xullo, de Saúde de Galicia, que no seu Título III. "Das competencias do sistema público de saúde de Galicia", Capítulo II "A administración local", artigo 80 establece "3. Os municipios, sen prexuízo das competencias das demais administracións públicas, terán con relación ao obrigado cumprimento das normas e plans sanitarios as seguintes obrigacións derivadas das súas competencias: g) O desenvolvemento de programas de promoción da saúde, educación sanitaria e protección de grupos sociais con riscos específicos que se prevean nos plans de saúde."</p> <p>Obxectivo xeral: Apoiar á iniciativa social na promoción de actuacións singularizadas no eido da educación, formación e fomento da solidariedade en saúde pública, así como na prestación de servizos socio sanitarios complementarios dirixidos ás persoas e familias con enfermidades graves e/ou crónicas.</p>	
Condições	<p>1ª Entidades sen fin de lucro, inscritas no Rexistro de Asociacións Municipais.</p> <p>2ª Que o servizo, programa, proxecto ou actividade proposto sexa complementario a liña estratéxica municipal de "Promoción de estilos de vida saudables".</p>	
Finalidade	Mellorar a saúde da cidadanía cullerdense.	
Importe máximo de subvención por axuda concedida a cada beneficiario	1.350 euros	

ÁREA MUNICIPAL: EDUCACIÓN, CULTURA, DEPORTES E PARTICIPACIÓN CIDADÁ

LIÑA DE ACTUACIÓN 4:	PROMOCIÓN DA EDUCACIÓN	
Obxecto	Financiar actividades promovidas polas asociacións de nais e pais, ou outras de semellantes características, que teñan carácter permanente ou periódico, un claro obxectivo educativo e que se desenvolvan no termo municipal de Culleredo, así como as que, de maneira puntual, promovan a participación de toda a comunidade educativa.	
Condições	<p>1ª Entidades sen fin de lucro, inscritas no Rexistro de Asociacións Municipais.</p> <p>2ª Desenvolver as súas actuacións coa comunidade educativa do Concello de Culleredo</p>	
Finalidade	Actividades extraescolares que lles son propias e calquera outras relacionadas cos temas transversais (saúde, paz, medioambiente, artes, consumo, igualdade...), así como a celebración de datas sinaladas ou acontecementos nos que se implique a toda a comunidade escolar sen carácter económico.	
Importe máximo de subvención por axuda concedida a cada beneficiario	5.000 euros	
LIÑA DE ACTUACIÓN 5:	PROMOCIÓN DA CULTURA	
Obxecto	<p>1º Financiamento para o mantemento de grupos de baile e música tradicional, así como para a celebración de festivais de carácter folclórico e actividades de formación.</p> <p>2º Financiamento para grupos e entidades teatrais e musicais, celebración de festivais encontros e actividades de formación</p> <p>3º Financiamento para a realización de actividades relacionadas con celebracións e conmemoracións de carácter tradicional (Magosto, Samain, Entroido, Nadal, Romerías...) recuperación e difusión do patrimonio cultural e impulso da lingua e cultura galega.</p> <p>4º Financiamento para actividades de animación sociocultural relacionadas coa ocupación do tempo libre e outros proxectos ou actividades "de especial interese cultural e social" nos que estea xustificado o seu financiamento municipal.</p>	
Condições	<p>1ª Entidades sen fin de lucro, inscritas no Rexistro de Asociacións Municipais.</p> <p>2ª Que desenvolvan a súa actividade no termo municipal de Culleredo.</p>	
Finalidade	Dinamización e promoción da cultura e lingua galega.	
Importe máximo de subvención por axuda concedida a cada beneficiario	5.000 euros	

LIÑA DE ACTUACIÓN 6:	PROMOCIÓN DO DEPORTE	
Obxecto	Financiamento de programas de deportes para todos, formación e investigación, e deporte espectáculo. Proxectos dirixidos a consolidar a progresión do rendemento de persoas físicas cunha proxección futura no deporte de alto rendemento.	
Condições	1ª Entidades sen fin de lucro, inscritas no Rexistro de Asociacións Municipais. 2ª Que desenvolvan a súa actividade no termo municipal de Culleredo. 3ª No seu caso, inscritas no rexistro federativo ou asociativo correspondente.	
Finalidade	Dinamización e promoción do deporte e da actividade física recreativa en xeral.	
Importe máximo de subvención por axuda concedida a cada beneficiario	5.000 euros	
LIÑA DE ACTUACIÓN 7:	PROMOCIÓN DA PARTICIPACIÓN CIDADÁ E FOMENTO DA COMUNICACIÓN SOCIAL	
Obxecto	Financiamento de acción, programas ou proxectos, dirixidos á promoción da participación cidadá e comunicación social.	
Condições	1ª Entidades sen fin de lucro, inscritas no Rexistro de Asociacións Municipais. 2ª Que desenvolvan a súa actividade no termo municipal de Culleredo.	
Finalidade	Dinamización e promoción da participación cidadá e comunicación social.	
Importe máximo de subvención por axuda concedida a cada beneficiario	5.000 euros	

ÁREA MUNICIPAL: DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO, TURISMO E FESTAS

LIÑA DE ACTUACIÓN 8:	PROMOCIÓN DA DINAMIZACIÓN ECONÓMICA	
Obxecto	Financiar servizos, programas e proxectos, de desenvolvemento comercial ou empresarial.	
Condições	Entidades sen fin de lucro, inscritas no Rexistro de Asociacións Municipais, de carácter comercial ou empresarial que operen no ámbito territorial do Concello de Culleredo.	
Finalidade	Fomentar actividades que impulsen a dinamización do sector comercial e empresarial de Culleredo, e de actividades que propicien o asociacionismo nos ditos sectores.	
Importe máximo de subvención por axuda concedida a cada beneficiario	1.250 euros	

3.2 Para o caso de servizos, programas, proxectos e actividades, susceptibles de encadrarse en máis dunha das áreas municipais, o solicitante só poderá solicitar unha única subvención, especificando a liña de actuación á que opta.

3.3 A contía da subvención por beneficiario será como máximo o 80% do custo total do servizo, programa, proxectos ou actividade obxecto da subvención e, en todo caso, o importe fixado en cada liña de actuación.

Base 4.- Procedemento de concesión

4.1 A concesión das subvencións efectuarase en réxime de concorrencia competitiva.

As subvencións outorgaranse aos solicitantes que obteñan mellor valoración entre os que acreditasen cumprir os requisitos necesarios para ser beneficiario.

4.2 No caso de que o crédito consignado na convocatoria fora suficiente, atendendo ao número das solicitudes, quedará exceptuado o requisito de fixar unha orde de prelación entre as solicitudes presentadas que reúnan os requisitos esixidos.

Base 5.- Crédito orzamentario

5.1 O importe global das subvencións é de 173.500 euros, gasto imputable ás seguintes aplicacións orzamentarias:

Liña de actuación	Aplicación orzamentaria	Importe
LIÑA 1. Promoción de servizos, programas, proxectos e actividades no ámbito dos servizos sociais	2315-48900	16,000.00 €
LIÑA 2. Promoción de servizos, programas e actividades en materia de igualdade, corresponsabilidade, loita contra a violencia de xénero e dinamización e empoderamento no ámbito da muller	2315-48900	4,500.00 €
LIÑA 3. Promoción de servizos, programas, proxectos e actividades de ámbito sociosanitario	2315-48900	7,000.00 €
LIÑA 4. Promoción da educación	320-48900	40,000.00 €
LIÑA 5. Promoción da cultura	3341-48900	36,000.00 €
LIÑA 6. Promoción do deporte	341-48900	36,000.00 €
LIÑA 7. Promoción da participación cidadá e fomento da comunicación social	9241-48900	29,000.00 €
LIÑA 8. Promoción da dinamización económica	433-48900	5,000.00 €

O crédito orzamentario indicado é o límite do importe das axudas que se poden conceder.

5.2 De conformidade co artigo 58 do Regulamento da Lei de subvencións, no caso de que este crédito se incremente, por exemplo como consecuencia dunha modificación orzamentaria, esta contía adicional poderá aplicarse á concesión de subvencións sin necesidade dunha nova convocatoria. A efectividade da contía adicional queda condicionada á declaración da dispoñibilidade do crédito.

Base 6.- Beneficiarios

6.1 Terá a condición de beneficiario de subvencións a persoa que deba de realizar a actividade que fundamentou o seu outorgamento ou que se encontre na situación que lexitima a súa concesión.

6.2 Cando o beneficiario sexa unha persoa xurídica, os membros asociados do beneficiario que se comprometan a efectuar a totalidade ou parte das actividades que fundamentan a concesión da subvención en nome e por conta do primeiro terán tamén a consideración de beneficiarios.

6.3 Serán tamén beneficiarios as agrupacións de persoas físicas ou xurídicas, que poidan levar a cabo os proxectos, actividades ou comportamentos ou se encontren na situación que motiva a concesión da subvención.

Base 7.- Requisitos para obter a condición de beneficiario

7.1 Poderán obter á consideración de beneficiario/a e acceder ás subvencións, as persoas ou entidades que cumpran os requisitos sinalados no artigo 6 da Ordenanza xeral de Subvencións do Concello de Culleredo e que realicen a actividade, proxecto ou servizo que fundamenta o seu outorgamento, sempre que non se vexan afectados por ningunha das prohibicións sinaladas no artigo 13.2 e 13.3 da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións.

7.2 Cando a subvención se solicite por unha persoa xurídica se requirirá que a realización da actividades subvencionada teña cabida dentro do obxecto ou dos fins sociais da mesma.

7.3 As asociacións ou entidades sen ánimo de lucro deberán estar inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións.

Base 8.- Obrigas dos beneficiarios

Son obrigas do beneficiario:

a) Cumprir o obxectivo, executar o proxecto, realizar a actividade ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión das subvencións.

b) Xustificar ante o órgano concedente o cumprimento dos requisitos e condicións, así como a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determina a concesión ou desfrute da subvención.

c) Someterse ás actuacións de comprobación, a efectuar polo órgano concedente, así como calquera outra de comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes, aportando canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.

d) Comunicar ao órgano concedente a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas.

Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dos fondos percibidos.

e) Acreditar con anterioridade a ditarse a proposta de resolución de concesión que está ao corrente do cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social.

f) Dispoñer dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos esixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable ao beneficiario en cada caso, así como cantos estados contables ou rexistros específicos sexan esixidos polas base reguladoras das subvencións, coa finalidade de garantir o axeitado exercicio das facultades de comprobación e control.

g) Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.

h) Adoptar as medidas de difusión contidas no apartado 4 do artigo 18 da Lei de subvencións.

i) Proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos contemplados no artigo 37 da Lei de subvencións.

j) No caso de optar pola tramitación telemática, a entidade deberá dispoñer dun único enderezo de correo electrónico de contacto durante toda a tramitación do expediente, ao que se dirixirán as comunicacións. Excepcionalmente, e de xeito xustificativo, poderá modificar este enderezo inicial, sempre e cando lle notifique a circunstancia pertinente ao Concello de Culleredo.

Deberá dispoñer de certificado dixital:

- A propia entidade (certificado de persoa xurídica)
- Quen ocupe a Presidencia da entidade
- Quen ocupe a Secretaría da entidade
- Quen represente a entidade perante o Concello de Culleredo (no caso de ser distinta das dúas anteriores)

Base 9.- Gastos subvencionables

9.1 Se consideran gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan á natureza da actividade subvencionada, teñan relación directa co obxecto que se subvenciona, e se realicen entre o 1 de xaneiro de 2018 ata o 30 de xuño de 2019.

En ningún caso, o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

9.2 Teñen expresamente a condición de gastos subvencionables os seguintes:

a) Os gastos de amortización dos bens inmobles, equipos informáticos e doutros bens mobles inventariables, propiedade do beneficiario, que se empreguen no desenvolvemento da actividade subvencionada.

b) Os gastos financeiros, de asesoría xurídica ou financeira, gastos notariais e rexistrals e os gastos periciais para a realización do proxecto subvencionado e os de administración específicos que estean relacionados coa actividade subvencionada e sexan indispensables para a adecuada preparación ou execución da mesma, así como os gastos que se orixinen para dar cumprimento ás garantías esixibles de acordo con estas bases.

c) O IVE e os impostos indirectos, cando non sexan susceptibles de recuperación ou compensación.

9.3 Os bens inventariables cuxa adquisición, construción, rehabilitación ou mellora se realizase, en todo ou en parte, mediante subvencións haberán de destinarse ao fin concreto para o que se concedeu a subvención durante un prazo que non será inferior a 10 anos nos bens inscribibles nun rexistro público e a 5 anos nos restantes.

Base 10.- Subcontratación

10.1 Enténdese por subcontratación a concertación cun terceiro da execución total ou parcial da actividade que constitúe o obxecto da subvención.

10.2 Poderá subcontratarse as actividades que integren os programas subvencionados. En ningún caso poderán subcontratarse actividades que, aumentando o custo da actividade subvencionada, non acheguen valor engadido ao contido da mesma.

10.3 Os contratistas quedarán obrigados só ante o beneficiario, que asumirá a total responsabilidade da execución da actividade subvencionada fronte á Administración.

Base 11.- Compatibilidade con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade

Estas subvencións serán compatibles con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera administración ou ente público ou privado, da Unión Europea ou doutros organismos internacionais, sempre que non rebase o custo da mesma e sen prexuízo do que ao respecto puidera establecerse na norma reguladora das outras subvencións concorrentes.

Base 12.- Órganos competentes para a instrución, avaliación e resolución do procedemento

12.1 Instrución

a) Será órgano de instrución, conforme ao disposto no artigo 4.1 da Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello:

Xefa de sección de Atención Especializada ou persoa que o/a substitúa	LIÑA 1: Promoción de servizos, programas, proxectos e actividades no ámbito dos servizos sociais
	LIÑA 2: Promoción de servizos, programas, proxectos e actividades en materia de igualdade, corresponsabilidade, loita contra a violencia de xénero e dinamización no ámbito da muller
	LIÑA 3: Promoción de servizos, programas, proxectos e actividades de ámbito sociosanitario
Técnica de Educación ou persoa que o/a substitúa	LIÑA 4: Promoción de educación
Xefe de servizo de Cultura e Educación ou persoa que o/a substitúa	LIÑA 5: Promoción da cultura
Xefe de servizo de Deportes e Participación Cidadá ou persoa que o/a substitúa	LIÑA 6: Promoción do deporte
	LIÑA 7: Promoción da participación cidadá e fomento da comunicación social
Xefa de servizo de Dinamización, Formación e Emprego ou persoa que o/a substitúa	LIÑA 8: Promoción da dinamización económica

En caso de necesidade, o instrutor poderá ser substituído por un funcionario designado pola Concellaría á que estea adscrito funcionalmente o Servizo.

b) O instrutor do procedemento verificará o cumprimento dos requisitos impostos para adquirir a condición de beneficiario da subvención que teñan carácter automático e elaborará informe que se incorporará ao expediente.

c) O instrutor do procedemento, á vista do informe do órgano colexiado avaliador, formulará proposta de resolución que expresará o solicitante ou relación de solicitantes para os que se propón a concesión ou denegación da subvención e a súa contía, especificando a súa avaliación e os criterios de valoración seguidos para efectuala.

12.2 Avaliación

a) O órgano colexiado avaliador, de conformidade co disposto no artigo 4.2 da Ordenanza Xeral de Subvencións, estará formado polas persoas que de seguido se citan ou as que legalmente lles substitúan:

Presidenta: Dna Carmen Varela Corbelle, concelleira delegada de Educación, Cultura e Participación Cidadá

Vogais:

- Dona Guadalupe Pombo Carril, concelleira delegada de Benestar Social e Igualdade
- Don Miguel Suárez García, concelleiro delegado de Deportes e Ocupación do Tempo Libre
- Don Juan Carlos Lovelle, concelleiro delegado de Desenvolvemento Económico, Turismo e Festas

Secretario/a: técnico/a de algunha das áreas convocantes de subvencións, con voz e sen voto.

O xefe de servizo ou técnico municipal poderán ser convocados ás xuntanzas deste órgano avaliador en calidade de asesores, con voz e sen voto.

b) O órgano avaliador emitirá informe de valoración ao instrutor do expediente, no que se concrete o resultado da avaliación efectuada, seguindo os criterios establecidos nesta convocatoria.

12.3 Resolución

a) Competerá, por delegación do sr Alcalde-presidente da Corporación, aos concelleiros que se indica e se motivará de conformidade co disposto nas Bases reguladoras da subvención desta convocatoria, debendo quedar acreditados os fundamentos da mesma.

Concelleira delegada de Benestar Social e Igualdade	LIÑA 1: Promoción de servizos, programas, proxectos e actividades no ámbito dos servizos sociais
	LIÑA 2: Promoción de servizos, programas, proxectos e actividades en materia de igualdade, corresponsabilidade, loita contra a violencia de xénero e dinamización no ámbito da muller
	LIÑA 3: Promoción de servizos, programas, proxectos e actividades de ámbito sociosanitario
Concelleira delegada de Educación, Cultura e Participación Cidadá	LIÑA 4: Promoción de educación
Concelleira delegada de Educación, Cultura e Participación Cidadá	LIÑA 5: Promoción da cultura
Concelleiro delegado de Deportes e Ocupación do Tempo Libre	LIÑA 6: Promoción do deporte
Concelleira delegada de Educación, Cultura e Participación Cidadá	LIÑA 7: Promoción da participación cidadá e fomento da comunicación social
Concelleiro delegado de Desenvolvemento Económico, Turismo e Festas	LIÑA 8: Promoción da dinamización económica

b) A resolución ademais de conter a concesión da subvención ao solicitante ou relación de solicitantes, incluírá no seu caso, de xeito expreso, a desestimación do resto das solicitudes.

c) A resolución sinalará o prazo de 10 días do que disporán os interesados propostos como beneficiarios para a aceptación da subvención concedida.

Base 13.- Criterios de avaliación das solicitudes admitidas

13.1 As subvencións outorgaranse aos que obteñan mellor valoración entre os que acreditasen, na fase de preavaliación, cumprir os requisitos necesarios para ser beneficiario.

13.2 Os criterios e ponderación que rexerán a concesión das subvencións serán os seguintes:

LIÑAS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN
LIÑA 1. Promoción de servizos, programas, proxectos e actividades no ámbito dos servizos sociais	1. Grao de complementariedade do proxecto presentado cos programas desenvolvidos na Área de Benestar social e Igualdade do Concello de Culleredo: ATA 50 PUNTOS (grado elevado 50 pts, medio 30 pts e baixo 10 pto)
LIÑA 2. Promoción de servizos, programas, proxectos e actividades en materia de igualdade, corresponsabilidade, loita contra a violencia de xénero e dinamización no ámbito da muller	2. Impacto sobre a poboación destinataria das actuacións: ATA 30 PUNTOS (alto 30 pts, medio 20 pts e baixo 10 pto)
LIÑA 3. Promoción de servizos, programas, proxectos e actividades de ámbito sociosanitario	3. Experiencia na realización de actuacións no eido dos servizos sociais, da promoción da igualdade ou en materia sociosanitaria: ATA 20 PUNTOS (elevada 20 pts, baixa 10 pto)
LIÑA 4. Promoción de educación	1. Interese das actividades ou investimentos: ATA 25 PUNTOS DOS que 10 como mínimo concederanse en función da prioridade sinalada polo solicitante na petición. 2. Número de beneficiarios directa ou indirectamente polas actividades ou investimentos: ATA 10 PUNTOS. 3. Coeficiente de financiamento derivado da solicitude: ATA 35 PUNTOS. 4. Colaboración cos programas pertencentes a cada liña de actuación: ATA 30 PUNTOS.
LIÑA 5. Promoción da cultura	1. Interese das actividades ou investimentos: ATA 25 PUNTOS DOS que 10 como mínimo concederanse en función da prioridade sinalada polo solicitante na petición. 2. Número de beneficiarios directa ou indirectamente polas actividades ou investimentos: ATA 10 PUNTOS. 3. Coeficiente de financiamento derivado da solicitude: ATA 35 PUNTOS. 4. Colaboración cos programas pertencentes a cada liña de actuación: ATA 30 PUNTOS.
LIÑA 6. Promoción do deporte	1. O grao de interese xeral ou sectorial da actividade ou investimento: ATA 20 PUNTOS. 2. O grao de coordinación e complementariedade cos programas municipais en cada sector de actividade: ATA 20 PUNTOS. 3. A súa representatividade no Concello, entendida como número de membros da asociación: ATA 10 PUNTOS. 4. Grao de coordinación con outras solicitudes de subvención: ATA 10 PUNTOS. 5. Número estimado de beneficiarios, directos e indirectos, tendo en conta a poboación destinataria: ATA 10 PUNTOS. 6. A capacidade económica do solicitante e as axudas que reciban doutras subvencións, ingresos ou recursos para a mesma finalidade: ATA 10 PUNTOS. 7. O carácter periódico ou permanente das actividade a subvencionar: ATA 10 PUNTOS. 8. A realización de programas e actividades en contra da violencia, o racismo, a xenofobia e a intolerancia no deporte : ATA 10 PUNTOS.
LIÑA 7: Promoción da participación cidadá e fomento da comunicación social	1. O grao de interese xeral ou sectorial da actividade ou investimento: ATA 20 PUNTOS. 2. O grao de coordinación e complementariedade cos programas municipais en cada sector de actividade: ATA 20 PUNTOS. 3. A súa representatividade no Concello, entendida como número de membros da asociación: ATA 10 PUNTOS. 4. Grao de coordinación con outras solicitudes de subvención: ATA 10 PUNTOS. 5. Número estimado de beneficiarios, directos e indirectos, tendo en conta a poboación destinataria: ATA 10 PUNTOS. 6. A capacidade económica do solicitante e as axudas que reciban doutras subvencións, ingresos ou recursos para a mesma finalidade: ATA 10 PUNTOS. 7. O carácter periódico ou permanente das actividade a subvencionar: ATA 10 PUNTOS. 8. A realización de programas e actividades en contra da violencia, o racismo, a xenofobia e a intolerancia na sociedade en xeral : ATA 10 PUNTOS.
LIÑA 8: Promoción da dinamización económica	1. O grao de interese xeral ou sectorial da actividade ou investimento: ATA 20 PUNTOS. 2. O grao de coordinación e complementariedade cos programas municipais en cada sector de actividade: ATA 20 PUNTOS. 3. A súa representatividade no Concello, entendida como número de membros da asociación: ATA 10 PUNTOS. 4. Número estimado de beneficiarios, directos e indirectos, tendo en conta a poboación destinataria: ATA 20 PUNTOS. 5. A capacidade económica do solicitante e as axudas que reciban doutras subvencións, ingresos ou recursos para a mesma finalidade: ATA 10 PUNTOS. 6. O carácter periódico ou permanente das actividade a subvencionar: ATA 20 PUNTOS.

Base 14.- Prazo de presentación de solicitudes

O prazo para presentar as solicitudes será un mes, que comenará a contar a partir do día seguinte á publicación no Boletín Oficial da Provincia do extracto da convocatoria.

Base 15.- Documentos e información que debe acompañarse á solicitude

15.1 Para a concesión de subvencións, precisarase a solicitude do posible beneficiario, subscrita polos interesados ou persoas que acrediten a súa representación por calquera medio válido en dereito.

15.2 Xunto coa solicitude achegará os seguintes documentos:

a) Memoria do servizo, programa, proxecto ou actividades a subvencionar, especificando a estrutura e medios necesarios para levar a cabo o proxecto, programa ou actividade e detallando os extremos relacionados cos criterios de valoración establecidos nesta Convocatoria.

b) Orzamento total destas.

c) Declaración de todas as subvencións obtidas e/ou solicitadas para a mesma finalidade.

d) Declaración responsable de non estar incurso na prohibición para contratar coas administracións públicas.

e) Declaración responsable de estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

A presentación da solicitude de concesión de subvención polo interesado conlevará a autorización ao órgano xestor para recabar as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesouraría Xeneral da Seguridade Social e o Concello.

O solicitante poderá denegar expresamente o seu consentimento, debendo presentar enton as certificacións nos términos previstos regulamentariamente.

f) Declaración expresa sobre o compromiso de difusión do carácter público da subvención, conforme se establece na presente Convocatoria.

g) A acreditación da inscrición no Rexistro municipal de asociacións, esta será incorporada ao expediente polo órgano instrutor do procedemento, previa solicitude da oportuna certificación á Secretaría Xeral.

h) Declaración expresa sobre o compromiso de utilización da lingua galega e linguaxe non sexista, no seu caso.

i) Certificación do acordo de solicitude da subvención e nomeamento do representante para cantas actuacións sexan necesarias no procedemento

j) Comunicación dos datos bancarios a efectos de abono.

15.3 As declaracións responsables a que se fai mención no parágrafo anterior, deberán estar subscritas polo representante da Asociación solicitante e dirixidas ao alcalde-presidente do Concello.

Base 16.- Forma de presentación e documentación

16.1 As solicitudes poderán presentarse no Rexistro Municipal do Concello ou en calquera dos rexistros públicos previstos na Lei do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Ademais tamén poderán presentarse de xeito telemático na sede electrónica do Concello de Culleredo.

A presentación telemática producirá plenos efectos xurídicos, sempre que a solicitude sexa presentada dentro do prazo establecido.

16.2 Os interesados acompañarán os documentos e as informacións determinados no apartado anterior, salvo que os documentos estivesen en poder de calquera órgano do Concello.

16.3 A presentación da solicitude de subvención polo interesado, comportará a autorización ao órgano xestor para solicitar, no seu caso, as certificacións que deba emitir o órgano económico do Concello e a secretaría xeral municipal.

Base 17.- Instrución do procedemento

17.1 O instrutor levará a cabo unha fase de preavaliación, na que verificará o cumprimento dos requisitos impostos para adquirir a condición de beneficiario da subvención na base 7 desta convocatoria.

17.2 Se a solicitude e documentación non reúnen os requisitos establecidos na convocatoria, o órgano instrutor requirirá ao interesado para que a subsane no prazo máximo e improrrogable de 10 días, indicándolle que se non o fixese se lle terá por desistido da súa solicitude, previa resolución que será ditada nos termos previstos na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

17.3 Unha vez avaliadas as solicitudes, o órgano instrutor deberá emitir informe no que se concrete o resultado da preavaliación efectuada.

Base 18.- Avaliación

O órgano colexiado avaliador emitirá informe de valoración no que se concrete o resultado da avaliación efectuada, seguindo os criterios establecidos nesta convocatoria.

Base 19.- Proposta de resolución

19.1 O instrutor do procedemento, á vista do informe do órgano colexiado avaliador, formulará proposta de resolución que expresará o solicitante ou relación de solicitantes para os que se propón a concesión ou denegación da subvención e a súa contía, especificando a súa avaliación e os criterios de valoración seguidos para efectuala.

19.2 No caso de que se deban de ter en conta outros feitos, alegacións ou probas que os aducidos polos interesados, poráselles de manifesto o expediente aos efectos de que no prazo de dez días hábiles presenten as alegacións que estimen convenientes. Examinadas as alegacións presentadas polos interesados, formularase polo instrutor nova proposta de resolución.

19.3 A proposta de resolución non crea dereito algún a favor do beneficiario fronte á Administración.

Base 20.- Resolución

20.1 A resolución se motivará de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención, debendo quedar acreditados no procedemento, os fundamentos da resolución que se adopte.

20.2 A resolución, ademais de conter a concesión da subvención ao solicitante ou relación de solicitantes, incluírá, no seu caso, de xeito expreso, a desestimación do resto das solicitudes.

20.3 A resolución do procedemento, que pon fin á vía administrativa, se ditará e notificará no prazo máximo de tres meses dende a data de publicación desta convocatoria, e indicará os recursos procedentes contra a mesma, así como o órgano ante o que interpoñelos, no seu caso.

20.4 O vencemento do prazo máximo sen notificar a resolución lexítima aos interesados a entender desestimada por silencio administrativo a súa solicitude.

Base 21.- Circunstancias que, como consecuencia da alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, poderán dar lugar á modificación da resolución.

21.1 Os beneficiarios poderán solicitar do órgano concedente, antes de que conclúa o prazo para a realización da actividade subvencionada, modificacións da resolución da concesión que supoñan ampliación dos prazos fixados, redución do importe concedido ou alteración das accións que se integran na actividade, que serán autorizadas cando traian a súa causa en circunstancias imprevistas ou sexan necesarias para o bo fin da actuación, sempre que no se altere o obxecto ou finalidade da subvención e non se danen dereitos de terceiros. Non se requirirá presentar solicitude por alteracións nos conceptos de presupostos da actividade que teñan carácter estimativo.

21.2 O órgano concedente poderá modificar de oficio a resolución de concesión, previa audiencia do interesado e antes da aplicación dos fondos, cando a alteración das condicións tidas en conta para a concesión impidan ou dificulten a consecución do interese público perseguido e non se causen prexuízos económicos ao beneficiario.

21.3 A administración aceptará a xustificación que poña de manifesto que se produciron alteracións das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, omitíndose o trámite da autorización administrativa cando puidesen dar lugar á modificación da resolución conforme ao indicado, todo isto sen prexuízo das sancións que puideran corresponderlle conforme á lexislación de subvencións.

Base 22.- Notificación e publicación das subvencións concedidas

22.1 A resolución da solicitude de subvención, por tratarse dun acto integrante dun procedemento de concorrencia competitiva e, de conformidade co establecido no artigo 45 da Lei 39/2015, notificarase mediante a publicación no Boletín Oficial da Provincia, e producirá os mesmos efectos que a notificación individualizada. Esta publicación tamén se realizará na páxina web da Concello, á cal se remitirá o texto publicado no Boletín Oficial da Provincia, sen prexuízo do cumprimento da normativa vixente en materia de notificacións administrativas.

22.2 Notificada a resolución, os interesados propostos como beneficiarios disporán dun prazo de 10 días para a súa aceptación, transcorrido o cal sen que se producise manifestación expresa, entenderase tacitamente aceptada.

Base 23.- Difusión polo beneficiario da subvención concedida

23.1 Os beneficiarios deberán dar a adecuada publicidade de carácter público do financiamento de programas, actividades, inversións ou actuación de calquera tipo que sexan obxecto de subvención, nos termos regulamentariamente establecidos. As medidas de difusión, que se poderán concretar na correspondente convocatoria poderán consistir na inclusión da imaxe institucional ou do escudo do Concello de Culleredo, así como en lendas relativas ao financiamento municipal en carteis, placas conmemorativas, materiais impresos, medios electrónicos ou audiovisuais, ou ben en mencións realizadas en medios de comunicación ou outras que resulten axeitadas ao obxecto subvencionado e de eficacia equivalente ás mencionadas.

23.2 Cando o programa, actividade, inversión ou actuación gozara doutras fontes de financiamento e o beneficiario viñera obrigado a dar publicidade desta circunstancia, os medios de difusión da subvención municipal así como a súa relevancia deberán de ser análogos aos empregados respecto doutras fontes de financiamento.

Base 24.- Pagamento da subvención

24.1 Dada a natureza das subvencións e dada a situación financeira dos beneficiarios, realizarase un pago anticipado do 80% do importe concedido, como financiamento necesaria para poder levar a cabo as actuacións inherentes á subvención.

24.2 O 20% restante, no seu caso, farase efectivo unha vez xustificada a subvención.

Base 25.- Xustificación da subvención. Prazo

25.1 O prazo para presentar a xustificación da subvención comenará a contar dende o día seguinte á notificación da concesión da subvención, e rematará o 30 de setembro de 2019.

25.2 Será requisito para o cobramento, acreditar a realización do gasto subvencionado, sen prexuízo das actividades de comprobación por parte do Concello e dos órganos de control financeiro.

Base 26.- Forma de xustificación do cumprimento da finalidade para a que se outorgou a subvención e da aplicación de fondos. Conta xustificativa

26.1 A xustificación da subvención por parte do beneficiario realizarase mediante a presentación do documento denominado conta xustificativa do gastos realizado, e incluíra a seguinte documentación:

a) Unha memoria da actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas, coa relación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

b) Unha relación dos gastos realizados, con identificación do acreedor e do documento, o seu importe, concepto e data de emisión.

Con esta relación achegaranse as facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa incorporadas na relación á que se fai referencia no parágrafo anterior. As datas dos xustificantes do gasto deberán estar comprendidas entre a data de inicio e fin do período subvencionado establecido no punto un da Base 9 da Convocatoria.

c) Unha relación, no seu caso, dos outros ingresos ou subvencións que financiara a actividade subvencionada, coa indicación do seu importe e procedencia.

d) Proba de cumprimento de difusión do financiamento por parte do Concello e do uso da lingua galega e a linguaxe non sexista, no seu caso.

e) No seu caso, carta de pagamento de reintegro, no suposto de remanente non aplicado.

26.2 Á vista da documentación xustificativa presentada pola entidade beneficiaria, os responsables da unidade xestora emitirán un informe acreditativo da realización da actividade e do cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención. Unha vez emitido este informe, as actuacións relativas á xustificación da subvención serán remitidas pola unidade administrativa correspondente á intervención municipal, para a súa fiscalización que se desenvolverá conforme ao estipulado no Título V da Ordenanza xeral municipal de subvencións.

26.3 Nestas subvencións, poderá comprobarse de xeito aleatorio unha mostra dos xustificantes que permitan ter evidencia razoable da axeitada aplicación da mesma, para o que se solicitará a achega de facturas e demais documentos de valor probatorio equivalente, se non se esixira con anterioridade na convocatoria. Se se detectasen irregularidades significativas na mostra examinada, a comprobación será exhaustiva.

26.4 O incumprimento da obriga de xustificación da subvención nos termos establecidos ou a xustificación insuficiente da mesma, levará consigo a perda ao dereito de percepción da subvención que se formalizará en resolución dictada polo órgano concedente, declarando a revogación do acto de concesión.

Base 27. Incumprimentos e reintegros

27.1 O incumprimento de calquera das condicións impostas con motivo da concesión da subvención ou o seu cumprimento extemporáneo, serán causa de perda total do dereito e de reintegro.

27.2 A perda do dereito formalizarase en resolución dictada polo órgano competente, declarando a revogación do acto de concesión.

27.3 O cumprimento parcial das condicións ou a realización no prazo de so unha parte da actividade, sempre que quede acreditada a actuación do beneficiario inequívocamente tendente á satisfacción dos compromisos ou se deba a

forza maior, dará lugar ao pagamento parcial da subvención, ou, no seu caso, ao reintegro parcial aplicando a proporción en que se atope a actividade realizada respecto do total.

27.4 Se na comprobación ou no control financeiro se puxese de manifesto a falta de pagamento de todos ou parte dos gastos xustificadas, despois de cobrada a subvención, sendo esixibles polos respectivos acreedores, se esixirá o reintegro, aplicando o principio de proporcionalidade, para o que se considerará reintegrable a subvención en proporción aos gastos impagados.

Disposición final

Para o non regulado nesta convocatoria estarase ao establecido na Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello, e na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e demais normativa de aplicación a esta materia.

O Concello de Culleredo ten a condición de responsable dos datos que os solicitantes faciliten neste procedemento e asume todas as obrigas derivadas do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello sobre protección de datos de carácter persoal e das demais disposicións vixentes nesta materia.

A lexitimación do tratamento deses datos está baseada no consentimento expreso das persoas interesadas en participar no procedemento e no exercicio lexítimo das competencias legais do Concello de Culleredo no ámbito do fomento e promoción da igualdade, conforme coa normativa de réxime local e sectorial aplicable.

O prazo de conservación dos datos facilitados será o necesario para a completa execución do procedemento, incluído o prazo de prescrición a efectos de posibles responsabilidades derivadas da actividade ou do dito tratamento.

Os datos poderán ser cedidos tamén a outras Administracións públicas cando sexa necesario para a correcta prestación do servizo ou ben en cumprimento dun mandato legal ou xudicial. Tamén poderán ser verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade.

As persoas interesadas poderán exercitar os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante o órgano responsable do ficheiro (Concello de Culleredo). Así mesmo teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos (www.aepd.es).

Culleredo, 11 de abril de 2019

O Alcalde

José Ramón Rioboo Castro

2019/2909